



## COÑECER, QUERER E DEFENDER O PATRIMONIO CULTURAL

Insistimos en que este é un programa inacabado. Da propia dinámica improvinsaranse outras actividades. Irase informando en "Portas Ártabras".

### “COÑECER GALICIA”

Viaxar de xeito colectivo é algo máis que aprender, é convivir, compartir o que os seres humanos fixemos e desfizemos ao longo da historia: arqueoloxía, arte, etnografía, paisaxe... Deste xeito, a institución do museo proxéctase máis alá do seu continente e das vitrinas ao verdadeiro escenario do acontecer cotián. Roteiros estudados para cada estación do ano, onde sempre haberá algo novo por sentir.

### “COÑECE A TÚA CIDADE”

A cidade define aos seus habitantes, verdadeiro museo de actores, onde todo comunica a quen sensiblemente se achega a preguntarlle. Son xeiras explicadas polas propias rúas da cidade, as súas intuicións, monumentos e empresas.

### “COÑECE OS TEUS MUSEOS”

Hai algo máis que o continente dun museo e que o mesmo contido, formado por obras de arte, por artefactos, curiosidades e explicacións. A institución do museo é un xeito científico de conservar, documentar, estudar, divulgar ou sensibilizar, algo ao que achegarse, a fin de implicarse con canto significa e dignifica a cultura.

### “LUNS DE VIAXES”

Series de proxeccións, creadas e animadas polo doctor José Luis García Suárez, quen, dende a súa óptica persoal de viaxeiro, recolle aspectos por toda a península e polos catro puntos cardinais do mundo.

### REPASANDO A NOSA HISTORIA

Proxección de audiovisuais sobre historia, arte ou costumes, xeitos do pasado desaparecidos. Parte importante da nosa memoria e importante recurso cultural.

### CICLO “CÓMO SE VISITA UN MUSEO”

Cursiño anual dirixido especialmente a pedagogos, estudantes de turismo, animadores culturais, co ánimo de iniciar sobre as posibilidades didácticas e limitacións que ofrece a institución do museo. Adentrándonos na forma de interpretar a cidade e o medio como un museo activo que tanto define aos cidadáns de onte, como aos de hoxe. Repaso do estado da cuestión dos museos galegos.

### TERTULIAS, CONFERENCIAS, CURSOS

Seminarios feitos de xeito teórico-práctico coa ansia de sensibilizar encol do valor cultural das creacións e os camiños da arte.

### 18 DE ABRIL “DÍA INTERNACIONAL DOS MONUMENTOS E DOS SITIOS”

Celebración da xornada para adentrarse no estado da cuestión sobre o patrimonio cultural como escenario da “memoria colectiva” e como recurso.

### 18 DE MAIO “DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS”

Celebración especial dedicada a espallar a significación do museo na educación e na cultura. Xornada na que se da a coñecer o “PREMIO PEDRA DO DESTINO” á conservación e difusión do patrimonio cultural.

### CONCURSO FOTOGRAFICO “OBXECTIVO DA MEMORIA”

O tema é o estado da cuestión do Patrimonio Cultural de Galiza.



Sánchez Bregua, 5-6 - 3º


15004 A Coruña

[T] 902 116 884

[F] 981 216 603

Museo Naval do Ferrol

## 2009 ACTIVIDADES 2009



Torre de Hércules



AMIGOS dos MUSEOS de GALICIA  
PORTAS ÁRTABRAS

## 2009, LUZ E ESPERANZA DENDE O FARO DE HÉRCULES

O ano 2009 é decisivo na carreira para a inscrición do Faro de Hércules como Patrimonio da Humanidade. Será o recoñecemento a unha longa Historia, feita pedra e poesía erguida ó ceo, vixiando os camiños do Océano Maior dende a Coruña e a Antigüidade. Muiñar de luz que traerá lembranzas dos que xa non están e abiron camiños: o doutor Xosé Luis Vázquez Iglesias, o Presidente da Academia Galega de Belas Artes, Xulio Fernández Argüelles, Xaime Martínez, da oficina de Turismo..., e máis atrás moitos outros. Algo que endexamáis esqueceremos cantos nos movemos no universo sempre inacabado da Historia e dos museos, asentados sobre os alicerces da memoria.

A declaración da Torre presupón competitivos retos e implica obrigacións na difusión e na transmisión íntegra do legado histórico ó porvir. Igual, ou mellor que fixeron con nós os seus devanceiros constructores, representados polo lusitano de Aeminium (a querida, irmán e nostálgica Coimbra) Caio Servio Lupo, ata o pacense Eustaquio Giannini Bentallol, cunha cinematográfica vida que se perde en Bos Aires nas loitas da independencia Argentina. Encrucillada de mitos, lendas, historia, poesía a espallar camiños de luz: contos de Ith, Beogán, Xerión e Hércules, San Amaro Peregrino... Gómez Catoira o torreiro que malgastaba o aceite do farol para pasar a ser na Historia o primeiro prisoeiro da cadea de San Antón; Agustín Antelo, o fareiro e reloxeiro ilustre... vixía de arribadas e do zarpar en son de paz ou de guerra..., os petroleiros “Urkiola”, o “Seam Egeam”... que anxos e demos sempre se atopan no camiño. Historias e nomes asociados ó monumento. E en relación co il, a cidade, A Coruña, súas murallas e castelos, os templos medievais, os cimiterios, a Biblioteca do Consulado..., onde seguen tendo sitio os xenios e as pantasma que animaron a Murguía, Pondal e Curros, á Pardo Bazán, Picasso, Madariaga, Fernando Rey, Urbano Lugo, González Garcés, Luis Seoane... etc. etc. etc. xa que ese escintilante muiñar de luz inspiradora non se apagará nen parará.

Noso homenaxe a esta nosa Historia, a que queremos conservar, mellorar con tradición e innovación, feita canto, conto, pedra que desafiou o tempo e merece festa e un brindado solidario cara a luz para a que foi feita.